



Escola  
Técnica  
Superior  
de Enxeñaría

# PLAN EXECUTIVO DE CALIDADE

## Docencia e Xestión da Información





Aprobado na Comisión de Calidade da ETSE o 21 de novembro de 2024

Informado na Comisión do Grao en Enxeñaría Química (GrEQ) o....  
Informado na Comisión do Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) o...  
Informado na Comisión do Grao en Intelixencia Artificial (GrIA) o ...  
Informado na Comisión do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos (MEQB) o...  
Informado na Comisión do Máster en Enxeñaría Ambiental (MEnA) o...  
Informado na Comisión do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos (MTAD) ...  
Informado na Comisión do Máster en Computación de Altas Prestacións (MHPC) o...  
Informado na Comisión do Máster en Visión por Computador (MCV) o ...  
Informado na Comisión do Máster en Intelixencia Artificial (MIA) o ...  
Informado na Comisión do Máster en Xestión Sostible da Auga (MXSA) o...  
Informado na Comisión do Máster en Internet das Cousas: IoT (MIoT) o...

# Índice de Contido

1. Introducción.....	5
1.1. Plan Executivo de Calidade da ETSE.....	6
2. Actividades Académicas .....	7
2.1. Programa de Acollida ao Centro .....	7
AA-EsNI: Benvida ao Estudantado de Nova Incorporación.....	7
2.2. Programa de Mobilidade.....	7
AA-Mobi-E: Información sobre Mobilidade entrante .....	7
AA-Mobi-S: Información sobre Mobilidade saínte.....	8
2.3. Programa de Prácticas en Empresa .....	8
AA-PrEm: Presentación do Programa de Prácticas en Empresa .....	9
AA-FoEm: Foro de Empresas .....	10
2.4. Traballo Fin de Grao/Máster.....	10
AA-TFGM: Presentación do Traballo Fin de Grao/Máster .....	10
2.5. Aula Profesional.....	11
AA-AuProf: Presentación da Aula Profesional.....	11
3. Docencia .....	11
3.1. Manual de Procedementos do SGC.....	12
DC-SeIm: Seguimento da Implantación do SGC .....	12
3.2. Enquisas a Grupos de Interese .....	12
EQ-EsNI: Estudantes de Nova Incorporación .....	12
EQ-CTAC: Carga de Traballo e Avaliación Continua .....	13
EQ-Comp: Adquisición de Competencias .....	14
EQ-CuIL: Cuestionario de Inserción Laboral.....	15
3.3. Seguimento .....	15
CC-SAdM: Seguimento das Accións de Mellora .....	15
RN-CoEx: Reunión do Comité Externo.....	16
RN-ACoP: Anual de Coordinación do Profesorado .....	16
RN-AAvE: Anual de Avaliación con Estudantes .....	17
RN-ReCo: Reunións de Coordinación.....	18
4. Xestión da Información.....	18
4.1. Comisións .....	19
4.2. Enquisas a Grupos de Interese .....	19
4.3. Medios de Comunicación .....	20
Condicións da Información a Proporcionar.....	22
Caducidade da Información.....	22

## 1. Introducción

A calidade na prestacións de servizos implica a mellora permanente da eficacia (definida pola RAE como a capacidade de lograr o efecto que se desexa) e da eficiencia (definida pola RAE como a capacidade de dispor de alguén ou de algo para conseguir un efecto determinado) da organización e das súas actividades.

Para cumprir este obxectivo xeral é necesario estar sempre moi atento ás necesidades dos usuarios e ás súas queixas ou mostras de insatisfacción. Analizar con rigor esta información proporcionará unha axuda moi importante para o proceso de mellora. Planificando, depurando e controlando os procesos de traballo, aumentará a capacidade da organización e o seu rendemento. Para obter estes obxectivos é necesario indagar con certa regularidade sobre a calidade que percibe subxectivamente o usuario e as posibilidades que manifesta de mellorar o servizo que recibe.

Nas normas dos Sistemas de Garantía da Calidade (SGC) da familia ISO9000 identifícanse varios principios de xestión que poden ser asumidos como á referencia para conducir a unha organización cara a mellora do seu desempeño. Estes principios<sup>1</sup> son:

- 1. Enfoque ao/a usuario/a:** As organizacións dependen das seus/súas usuarios/as e polo tanto deberían comprender as necesidades actuais e futuras, satisfacer os requisitos e esforzarse en exceder as expectativas dos/as usuarios/as.
- 2. Liderado:** Os líderes establecen a unidade de propósito e a orientación da organización. Eles deberían crear e manter un ambiente interno no cal o persoal poida chegar a involucrarse totalmente no logro dos obxectivos da organización.
- 3. Compromiso do persoal:** O persoal, a todos os niveis, é a esencia dunha organización e o seu total compromiso posibilita que as súas habilidades sexan usadas para o beneficio da organización.
- 4. Enfoque a procesos:** O resultado desexado alcanzase máis eficientemente cando as actividades e os recursos relacionados xestionanse como un proceso.
- 5. Enfoque á xestión:** Identificar, entender e xestionar os procesos interrelacionados como un sistema contribúe á eficacia e eficiencia dunha organización no logro dos seus obxectivos.
- 6. Mellora continua:** A mellora continua do desempeño global da organización debería ser un obxectivo permanente desta.
- 7. Toma de decisións baseada en feitos:** As decisións eficaces baséanse no análise de datos e de información.

---

<sup>1</sup>"La Gestión por Procesos", Ministerio de Fomento, Maio 2005.

### ***1.1. Plan Executivo de Calidade da ETSE***

O Plan Executivo de Calidade da ETSE ten como obxectivo xeral establecer un marco de traballo que permita afondar nos principios dos SGC comentados no apartado anterior. Ademais serve de documento de referencia para a incorporación das persoas aos diferentes cargos de xestión da estrutura.

Recolle unha descrición detallada de todas as actividades periódicas, e algunhas esporádicas típicas, que se desenvolven na ETSE relacionadas co ámbito da Calidade. Así mesmo incorpora información sobre a xestión da información que se obtén, produce e difunde no centro.

Define as características xerais das actividades e as peculiaridades no xeito en que se desenvolven en cada titulación de grao e máster (especialmente no que atinxe a responsables de desenvolvemento e tratamento da información xerada). Ademais establece unhas recomendacións sobre as datas do curso nas que se debe desenvolver cada actividade (que poden variar en función de circunstancias especiais).

## 2. Actividades Académicas

Neste apartado se recollen actividades que se desenvolven no centro co obxectivo de mellorar a acollida do novo estudiantado e o coñecemento destes dos principais programas académicos: prácticas en empresa, mobilidade e traballos fin de grao/máster. O obxectivo destas actividades é presentar as diferentes programas.

### 2.1. Programa de Acollida ao Centro

#### AA-EsNI: Benvida ao Estudiantado de Nova Incorporación

Esta actividade ten como obxectivo ofrecer ao estudiantado de novo ingreso información de acollida no centro, incidindo en aspectos que calquera estudante debe coñecer da vida universitaria a todos os niveis (institucional, de centro e da titulación que vai a cursar). No marco desta actividade se lle entrega a Guía do Centro que contén información de interese para o desenvolvemento da súa vida no centro.

- X **Responsables:** Equipo de Dirección do Centro; Coordinadores/as das Titulacións de Grao e Máster
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro
- X **Control da Participación:** Non se rexistra a participación
- X **Documentación Producida:** Guía da ETSE; Guía de Estudantes; Presentacións do Centro e das Titulacións; Na información facilitada debe incluírse información básica sobre seguridade.
- X **Uso do Resultado:** Non hai un uso específico de resultados

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
<b>Primeiro día lectivo do mes de setembro nos Graos Comezo da docencia no Másters</b>						Xullo

2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
--------------	----------	-------	-------	------	------

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Últimos Cursos											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## 2.2. Programa de Mobilidade

### AA-Mobi-E: Información sobre Mobilidade entrante

Esta actividade ten como obxectivo informar e resolver dúbidas ao estudiantado de intercambio que chegan ao centro a través dos diferentes programas existentes.

- X **Responsables:** Responsable de Mobilidade do centro
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro
- X **Control da Participación:** Non se rexistra a participación
- X **Documentación Producida:** Presentación con información das convocatorias de mobilidade
- X **Uso do Resultado:** Non hai un uso específico de resultados

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
<b>Reunión 2º cuadrimestre só se hai novo alumnado de mobilidade entrante</b>						Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEaA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudiantes 1er Curso											
Estudiantes											
Estudiantes Últimos Cursos											
Estudiantes mobilidade entrante											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

### AA-Mobi-S: Información sobre Mobilidade saínte

Esta actividade ten como obxectivo informar e resolver dúbidas ao estudiantado que estean interesados/as en realizar estudos a través dalgún dos programas de intercambio existentes. O obxectivo é tratar de potenciar o aumento do número de estudantes que participen en ditos programas.

- X **Responsables:** Responsable de Mobilidade; Responsable da Unidade de Apoio á Xestión (en coordinación coa Oficina de Relacións Exteriores da USC); Coordinadores de másteres
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro (a localización é decidida pola ORE)
- X **Control da Participación:** Non se rexistra a participación
- X **Documentación Producida:** Presentación con información das convocatorias de mobilidade
- X **Uso do Resultado:** Non hai un uso específico de resultados



1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro
<b>Mes de novembro para intercambios Erasmus Mes de xaneiro/febreiro para intercambios Sicue</b>					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Últimos Cursos											
Estudantes mobilidade entrante											
Profesores/as											
Egresados/as											
Empregadores/as											

### 2.3. Programa de Prácticas en Empresa

#### AA-PrEm: Presentación do Programa de Prácticas en Empresa

Esta actividade ten como obxectivo informar sobre os Programas de Prácticas en Empresa. O obxectivo fundamental é presentar as opcións dispoñibles, a previsión de datas e clarificar as dúbidas que poida ter o estudiantado.

- X **Responsables:** Coordinador/a Xeral do Programa de Prácticas en Empresa da ETSE; Coordinadores/as de Prácticas en empresa das titulacións de Grao; Coordinadores/as de Másteres
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro para Graos; Información directa polos/as Coordinadores/as no caso de másteres
- X **Control da Participación:** Non se rexistra a participación
- X **Documentación Producida:** Non se produce documentación
- X **Uso do Resultado:** Organización e desenvolvemento do Programa de Prácticas en Empresa

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro
<b>Datas</b> <b>Graos: Fin do primeiro cuadrimestre</b> <b>Másteres: Medios do segundo cuadrimestre</b>					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Últimos Cursos											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## AA-FoEm: Foro de Empresas

Esta actividade ten como obxectivo poñer en contacto ao estudiantado dos últimos cursos cos seus potenciais empregadores/as, ofrecendo así unha primeira aproximación ao tecido empresarial galego no ámbito das titulacións.

- X **Responsables:** Coordinadores/as de Prácticas en empresa das titulacións de Grao; Coordinadores/as de Másteres
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro
- X **Control da Participación:** Control de firmas do estudiantado que vaian a realizar as Prácticas en Empresa
- X **Documentación Producida:** Non se produce documentación
- X **Uso do Resultado:** Asignacións do programa de prácticas

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	<b>Periodicidade a determinar pola Comisión do Título</b>					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Últimos Cursos											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

### 2.4. Traballo Fin de Grao/Máster

#### AA-TFGM: Presentación do Traballo Fin de Grao/Máster

Esta actividade ten como obxectivo informar sobre a realización de Traballos Fin de Grao/Máster. O obxectivo fundamental é presentar as opcións dispoñibles, a previsión de datas e clarificar as dúbidas que poida ter o estudiantado.

- X **Responsables:** Presidentes/as das Comisións de TFG dos títulos de Grao; Coordinadores/as dos títulos de Grao; Coordinadores/as de Másteres
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro
- X **Control da Participación:** Non se rexistra a participación
- X **Documentación Producida:** Non se produce documentación
- X **Uso do Resultado:** Organización e desenvolvemento da realización dos TFG/TFM

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
<b>Datas</b>	<b>Graos: Mes de outubro</b> <b>Másteres: A elección do título</b>					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## 2.5. Aula Profesional

### AA-AuProf: Presentación da Aula Profesional

Esta actividade ten como obxectivo ofertar unha ampla relación de pequenos cursos, seminarios e talleres que poidan ser de interese para complementar a formación enxeñeril do noso estudiantado.

- X **Responsables:** Responsable do equipo de dirección da ETSE na Aula Profesional.
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro
- X **Control da Participación:** Non se rexistra a participación
- X **Documentación Producida:** Non se produce documentación
- X **Uso do Resultado:** Non hai un uso específico de resultados

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
<b>Datas</b>	<b>Graos e Másteres: Mes de outubro</b>					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

### 3. Docencia

O Sistema de Garantía da Calidade na Docencia (SGC) recolle os procesos e procedementos que definen o funcionamento do centro como lugar de formación docente. A actualización e a vixilancia permanente do cumprimento de ditos procesos e procedementos é un dos obxectivos fundamentais da Comisión de Calidade do centro. O SGC na Docencia desenvólvese a través da execución do Manual de Procedementos do SGC.

#### 3.1. Manual de Procedementos do SGC

##### DC-SeIm: Seguimento da Implantación do SGC

O seguimento da correcta implantación do SGC ten dúas grandes fases. A comezo do curso é necesario garantir que todos/as os/as responsables dos diferentes procesos e procedementos teñen a información actualizada. Ao final do curso, os responsables dos diferentes procesos e procedementos deberán informar a Comisión de Calidade sobre o seu desenvolvemento e/ou sobre a necesidade de modificar os procesos e/ou procedementos.

- X **Responsables:** Responsable de Calidade; Responsables de procesos SGC
- X **Documentación Producida:** Informe, dos responsables de procesos e procedementos, para a Comisión de Calidade

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
<b>Datos</b>						Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

#### 3.2. Enquisas a Grupos de Interese

Un dos principios xerais dos SGC é a necesidade de tomar as decisións en base ao análise dos datos da organización. E para esa toma de datos, as enquisas colectivas son unha ferramenta moi importante.

As enquisas relacionadas coa docencia a realizar aos grupos de interese dende a ETSE concéntranse en tres momentos temporais do curso: inicio do curso (orientadas a coñecer os perfís de ingreso e egreso) e finais dos dous cuatrimestres (orientadas a coñecer o cumprimento das Memorias Oficiais das Titulacións).

Estas enquisas realízanse mediante a ferramenta Forms.

##### EQ-EsNI: Estudantes de Nova Incorporación

Esta enquisa ten como finalidade mellorar o coñecemento do perfil de ingreso do estudiantado das titulacións do centro. Realízase todos os cursos para permitir un seguimento da variación das cuestións analizadas.

Obtéñense datos da súa procedencia, tanto persoal como de orixe académico (centro de ensino de secundaria nos graos e titulación de orixe nos másteres), como das súas cualificacións e optativas cursadas no bacharelato ou titulación de orixe e nas probas de acceso a Universidade. Analízase a información que dispoñían, tanto da titulación como do centro, é como foi a súa toma de decisións cara a elección da titulación. Por último, obtense información sobre a súa formación inicial, fundamentalmente ofimática e de idiomas, e as súas expectativas sobre algúns aspectos da titulación (docencia en inglés, actividades complementarias, mobilidade, prácticas en empresa para os graos).

- X **Responsables:** Responsable de Calidade (realización); Coordinadores/as das Titulacións de Grao e Máster (explotación de Resultados)
- X **Documentación Producida:** Informe de resultados anonimizado por titulación
- X **Uso do Resultado:** Elaboración de informe para as reunións con grupos de interese cara a preparación da Memoria de Calidade Anual do Centro

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
<b>Semana posterior a Xornada de Benvida aos novos/as estudantes de Grao; Comenzo das clases de Máster</b>						Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## EQ-CTAC: Carga de Traballo e Avaliación Continua

Esta enquisa pretende obter información sobre dous aspectos dos programados nas Memorias das Titulacións: a planificación da docencia en ECTS e o sistema de avaliación da docencia. Realízase todos os cursos para permitir un seguimento da variación das cuestións analizadas e permite, ademais, comparar estes datos cos valores programados nas Memorias Oficiais das Titulacións.

Un dos aspectos que se analiza é a opinión do profesorado e do estudantado respecto a cantidade de Traballo Persoal do estudantado (traballo fora das aulas) nas diferentes materias das titulacións de grao e as que o consideren necesario de máster. O outro aspecto a analizar é a opinión do estudantado respecto ao valor da Avaliación Continua (porcentaxe na avaliación da materia e relación coa carga de traballo) nas diferentes materias das titulacións e as que o consideren necesario de máster.

- X **Responsables:** Responsable de Calidade (realización); Coordinadores/as de Másteres (realización para Másteres); Coordinadores/as das Titulacións de Grao e Máster (explotación de resultados)
- X **Documentación Producida:** Informe de resultados de estudantes anonimizado por titulación, curso, cuatrimestre, mes y materia; Informe de resultados do profesorado anonimizado por titulación, curso, cuatrimestre, mes y materia
- X **Uso do Resultado:** Elaboración de informes para as reunións con grupos de interese e as Comisións de Titulacións cara a preparación da Memoria de Calidade Anual do Centro

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
<b>Remate dos períodos de docencia do Primeiro e Segundo Cuadrimestre dos Graos; Nos Másteres ao remate dos módulos ou cuadrimestres</b>						
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## EQ-Comp: Adquisición de Competencias

Esta enquisa ten como finalidade mellorar o coñecemento do perfil de egreso do estudiantado das titulacións do centro. Realízase con periodicidade bianual, alternando para as titulacións de Grao e as titulacións de Máster.

Recole a opinión de diferentes colectivos (estudantes do último curso, egresados/as, profesores/as e empregadores/as) sobre a eficacia da docencia que se realiza nas titulacións do centro cara a obter as Competencias que se indican nas correspondentes Memorias das Titulacións.

- X **Responsables:** Responsable de Calidade ou Coordinadores/as de Másteres (realización); Coordinadores das Titulacións de Grao e Máster (explotación de resultados)
- X **Documentación Producida:** Informe de resultados de estudantes anonimizado; Informe de resultados do profesorado anonimizado; Informe de resultados de egresados/as anonimizado; Informe de resultados de empregadores/as anonimizado
- X **Uso do Resultado:** Elaboración de informe para as reunións con grupos de interese cara a preparación da Memoria de Calidade Anual do Centro

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
<b>Inicio do segundo cuadrimestre</b>						
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## EQ-CuIL: Cuestionario de Inserción Laboral

Esta enquisa pretende recoller información sobre a situación laboral actual dos/as egresados/as é a forma na que conseguiron o seu primeiro emprego (non só no momento actual senón sobre a evolución dende que terminou os seus estudos). Non ten predefinida unha periodicidade concreta, senón que se activa cando o decide a Comisión de título.

- X **Responsables:** Responsable de Calidade ou Coordinadores/as de Másteres (realización); Coordinadores/as das Titulacións de Grao e Másteres (explotación de resultados)
- X **Documentación Producida:** Informe de resultados de egresados/as anonimizado
- X **Uso do Resultado:** Elaboración de informe para as reunións con grupos de interese cara a preparación da Memoria de Calidade Anual do Centro

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
<b>Inicio do curso académico</b>						Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEaA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesoado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

### 3.3. Seguimento

O proceso de seguimento constitúe o núcleo fundamental do proceso de mellora continua dos SGC. Este proceso comeza coa análise dos indicadores dispoñibles e coa reflexión sobre os datos obtidos a través das enquisas. Estes datos son a base dun proceso de reflexión colectiva, implicando a todos os grupos de interese, a partir do cal deséñanse accións de mellora. O proceso pecha o ciclo analizando o impacto das accións de mellora nos indicadores de orixe.

Este proceso de seguimento resúmese na elaboración da Memoria de Centro que recolle: o seguimento da programación plurianual do plano estratéxico, o seguimento dos planes de mellora anteriores, o seguimento do SGC e o Plan de Melloras do Centro. O seu desenvolvemento debe realizarse de forma integrada cos procesos de seguimento de títulos.

## CC-SAdM: Seguimento das Accións de Mellora

Dado que as accións de melloran recollen os obxectivos a desenvolver é necesario que teñan un seguimento continuo para revisar, e incentivar, o seu cumprimento.

- X **Responsables:** Responsable de Calidade
- X **Documentación Producida:** Informe, dos/as coordinadores/as de títulos e do/a responsable de calidade, para a Comisión de Calidade

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	<b>Reunións da Comisión de Calidade</b>					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

## RN-CoEx: Reunión do Comité Externo

Os Comités Externos das titulacións están formados por diferentes perfís de profesionais relacionados con ámbito de desenvolvemento profesional da titulación. O seu obxectivo é establecer unha relación entre o tecido empresarial e a docencia que se desenvolve no centro.

- X **Responsables:** Coordinadores/as das Titulacións de Grao e Máster
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro
- X **Control da Participación:** Listado de participantes cara a acreditación da actividade do Comité Externo en procesos de auditoría das titulacións
- X **Documentación Producida:** Informe resume dos temas debatidos para a Comisión de Título
- X **Uso do Resultado:** Obtención de ideas cara a preparación das Accións de Mellora da Memoria de Calidade Anual do Centro

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	<b>Data e periodicidade a determinar pola Comisión do Título</b>					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## RN-ACoP: Anual/Semestral de Coordinación do profesorado

Esta actividade ten como obxectivo realizar unha reflexión sobre o desenvolvemento do curso/semestre pasado e xerar ideas que poidan converterse en Accións de Mellora na seguinte Memoria de Calidade Anual do Centro. Entre outros temas, trátanse habitualmente os seguintes: Avaliación dos resultados do curso/semestre anterior; Revisión das accións de mellora en vigor; Realización de novas propostas de accións de mellora; Seguimento e avaliación das actividades do curso/semestre anterior; Coordinación das actividades non presenciais das materias

- X **Responsables:** Coordinadores/as das Titulacións de Grao e Máster
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro
- X **Control da Participación:** Información anonimizada sobre o número de participantes cara a obtención de información estatística de participación para



procesos de auditoría das titulacións; Listado voluntario de participantes cara a acreditación da participación na actividade en programas de avaliación da actividade docente

- X **Documentación Producida:** Informe resume dos temas debatidos para a Comisión de Titulo
- X **Uso do Resultado:** Obtención de ideas cara a preparación das Accións de Mellora da Memoria de Calidade Anual do Centro

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	<b>Novembro-Xaneiro</b>					Xullo
2º Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## RN-AAvE: Anual de Avaliación con Estudantes

Esta actividade ten como obxectivo realizar unha reflexión sobre o desenvolvemento do curso pasado e xerar ideas que poidan converterse en Accións de Mellora na seguinte Memoria de Calidade Anual do Centro.

- X **Responsables:** Coordinadores/as das Titulacións de Grao e Máster
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro
- X **Control da Participación:** Non se rexistra a participación
- X **Documentación Producida:** Informe dos temas debatidos para a Comisión de título
- X **Uso do Resultado:** Obtención de ideas cara a preparación das Accións de Mellora da Memoria de Calidade Anual do Centro

1º Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	<b>Novembro-xaneiro aínda que poderase adiantar ao final do curso anterior (maio-xullo) nos Másters</b>					Xullo
2º Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## RN-ReCo: Reunións de Coordinación

Esta actividade xeral recolle todas as iniciativas (distintas das reunións anuais de coordinación do profesorado e de avaliación de estudantes) que teñen como obxectivo mellorar a coordinación vertical e horizontal nos diferentes cursos das titulacións e xerar ideas que poidan converterse en Accións de Mellora na seguinte Memoria de Calidade Anual do Centro. Algunhas reunións típicas son: Coordinación de Cursos nos Grados, Coordinación de Módulos nos Másteres, Reunións de Coordinadores/as con Estudantes, Formación en Seguridade; Impulso a Representación do estudantado; Promoción de actividades (por exemplo, aula profesional); etc.

- X **Responsables:** Coordinadores/as das Titulacións de Grao e Máster; Coordinadores/as de Cursos nos Graos; Coordinadores/as de Módulos nos Másteres
- X **Formato de Realización:** Reunión presencial (ou telemática) no centro
- X **Control da Participación:** Información anonimizada sobre o número de participantes cara a obtención de información estatística de participación para procesos de auditoría das titulacións; listado voluntario de participantes cara a acreditación da participación na actividade en programas de avaliación da actividade docente; No caso de reunións con temáticas moi concretas pode non ser necesario facer un control da participación
- X **Documentación Producida:** Informe resume dos temas debatidos para a Comisión da Título
- X **Uso do Resultado:** Obtención de ideas cara a preparación das Accións de Mellora da Memoria de Calidade Anual do Centro; Mellora do desenvolvemento de procedementos do centro relacionados co estudantado.

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	<b>A proposta da Coordinación do título</b>					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4012 GrEI	G4021 GrEQ	G4121 GrIA	P4013 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MTAD	P4191 MHPC	P4231 MCV	P4251 MIA	P4281 MXSA	P4261 MIoT
Estudantes 1er Curso											
Estudantes											
Estudantes Último Curso											
Profesorado											
Egresados/as											
Empregadores/as											

## **4. Xestión da Información**

A transparencia na información é un dos piares dos Sistemas de Xestión da Calidade. Ademais, o emprego de canles de difusión permite facer mais visible as actividades do centro e facilitar o acceso a información aos grupos de interese.

### **4.1. Comisións**

O funcionamento dun centro está organizado en diferentes comisións nas que se realizan diferentes tarefas. A información mínima de calquera comisión da ETSE que debe estar pública na web é a seguinte:

- X Membros da comisión
- X Acordos
- X Accións de Mellora dos títulos recollidas na Memoria de Centro anual.

Os responsables de garantir a publicación desta información serán os coordinadores de grao e os coordinadores de másteres para as correspondentes comisións de títulos. Para o resto de comisións do centro, o/a responsable será o/a secretario/a da correspondente comisión.

### **4.2. Enquisas a Grupos de Interese**

Debese ofrecer información pública sobre as diferentes enquisas que se desenvolvan no centro. A información a subministrarse será a seguinte:

- X EQ-EsNI: Informe sobre o perfil do estudantado de nova incorporación e a súa evolución histórica
- X EQ-CTAC: Informe sobre a carga de traballo e a avaliación continua nos diferentes cuatrimestres dos que consta o título
- X EQ-Comp: Informe comparado sobre as opinións dos diferentes colectivos sobre a adquisición de competencias por parte do estudantado
- X EQ-CuIL: Informe sobre a información relativa a inserción laboral dos/as egresados/as

O/A responsable de garantir a publicación desta información será o/a responsable de calidade do centro.

### **4.3. Medios de Comunicación**

O obxectivo principal da utilización dos medios de comunicación do centro é facer mais visible para toda a comunidade da ETSE, e para a sociedade en xeral, as actividades que se levan a cabo no marco do centro, especialmente as vinculadas á docencia e á investigación. Como obxectivos secundarios, facerse eco das informacións xerais da USC de interese para a comunidade da ETSE, fomentar a cultura universitaria e informar ao estudantado e egresados/as de posibles ofertas formativas de interese xeral.

Os medios de comunicación oficiais, adicionais aos taboleiros, cos que conta actualmente a ETSE son os seguintes:

- X Pantallas do centro: Pantalla no vestíbulo da entrada, grupo de tres pantallas situadas ao carón do ascensor no edificio de Enxeñaría Química, no acceso ao Edificio

de Docencia e a carón da cafetería. Grupo de tres pantallas situadas no Aulario de Intelixencia Artificial (unha en cada planta). (Pan)

- X Novidades Web (Nov Web) na web pública do centro
- X Eventos Web (Eve Web) na axenda pública do centro
- X Taboleiro de novidades da Intranet do Centro (Tab Intra)
- X Axenda de eventos da Intranet do Centro (Eve Intra)
- X Redes sociais

Os criterios xerais, en función do tipo de información, para uso das infraestruturas de visualización de información serán os seguintes (os contidos asociados a cada tipo de información serán remitidos a [etse.secretario@usc.es](mailto:etse.secretario@usc.es) pola persoa/cargo indicado na táboa como fonte do tipo de información):

Difusión Previa (Máximo por canal)						Tipo de Información  (Fonte)	Información Posterior (Máximo por canal)					
Pan	Eve Web	Nov Web	Tab Intra	Eve Intra	Redes sociais		Pan	Eve Web	Nov Web	Tab Intra	Eve Intra	Redes sociais
X	X			X	X	Día da ETSE (Dirección Centro)	X					X
X	X			X	X	Acto de Graduación (Coordinador/a Título / Dirección Centro)	X					X
X				X	X	Actividade na Aula Profesional (Xestor/a de Centro)						X
X			X			Enquisa (Responsable Calidade)						
						Profesor/a en Prensa			X	X		X

						(Profesor/a / Departamento / Dirección Centro)							
						Egresado/a en Prensa (Dirección Centro)			X				X
						Obtención Premio (Interesado/a / Dirección Departamento)			X				X
						Ingreso en Organización (Interesado/a /Dirección Departamento)			X	X			X
						Biblioteca (Director/a de Biblioteca)	X				X		
						Asociación con Sede na ETSE (Presidente/a)	X				X		
						Visita A Ponte (Responsable do Programa)	X						X

Difusión Previa  (Máximo por canal)						Tipo de Información  (Fonte)	Información Posterior  (Máximo por canal)					
Pan	Eve Web	Nov Web	Tab Intra	Eve Intra	Redes sociais		Pan	Eve Web	Nov Web	Tab Intra	Eve Intra	Redes sociais
						Resultado de Calidade (Responsable de Calidade)	X		X			X
						Visita de Campo (Responsable Visita)	X					X
X	X			X	X	Curso de Verán ou outros (Organizador/a)	X					X
X	X				X	Congreso na ETSE (Organizador/a)	X					X
						Tese de Doutoramento (Doutorando/a / Director/a)	X					X
			X			Defensa TFG / TFM (Xestor/a)						
			X			Información Administrativa (Xestor/a)				X		

## **Condicións da Información a Proporcionar**

Na información a subministrar a [etse.secretario@usc.es](mailto:etse.secretario@usc.es), pola persoa/cargo indicada/o na táboa como fonte do tipo de información, débese incluír as imaxes (no caso de pantallas ou anuncios) e os textos, títulos e parágrafos (tanto para pantallas como para o resto de medios), con indicacións xerais de maquetación. A maquetación definitiva da información será realizada por etse.info, adaptando as peticións de formato as posibilidades de maquetación dispoñibles.

Toda información asociada a datas concretas deberá incluír a data de referencia da información a publicar (data futura do evento ou inicio do período no que se mantén a información nos medios de información). Sen esta información non se publicará a información.

## **Caducidade da Información**

Como norma xeral, as informacións asociadas a datas concretas retiraranse das pantallas de información ao día seguinte da súa celebración.